

mostrart

ARTESANÍA  DE GALICIA



>NOTA DE PRENSA

A Coruña 29/07/11

Inauguración de Mostrart 2011 na Coruña

Sábado 30 de xullo - 12:00 h

Xardíns de Méndez Núñez

A feira de artesanía máis importante de Galicia e con maior número de expositores vai ser inaugurada polo alcalde da Coruña, Carlos Negreira, a directora xeral de Comercio da Consellería de Economía e Industria, Nava Castro, a diputada da Deputación Provincial de A Coruña, María Dolores Faraldo e a xerente da Fundación Centro Galego da Artesanía e do Deseño, Elena Fabeiro ás **12 h do sábado 30 de xullo**.

Nesta XXVII edición conta con 46 casetas que acollerán a 58 expositores (algúns deles participan só ata o día 7 e outros do 8 ó 15 de agosto), todos proceden de Galicia, excepto catro invitados que chegan de Ponferrada (León), Barasona (Huesca), e dous de Zaragoza.

Ademais participan por primeira vez 8 novos artesáns e a Fundación Centro Galego da Artesanía e do Deseño, que contará con un stand para a promoción da marca Artesanía de Galicia.

Mostrart está organizada pola Asociación Galega de Artesáns, conta cun presuposto de 77.600 euros, e ca colaboración do Concello de A Coruña, a Deputación Provincial da Coruña, a Cámara de Comercio, Industria e Navegación da Coruña, a Consellería de Economía e Industria da Xunta de Galicia e a Fundación Centro Galego da Artesanía e do Deseño, que sufraga 30.000 eur dese importe total.

Na páxina www.mostrart.org pódese acceder ó listado completo de expositores con todos os seus datos, ou consultar o enlace de Googlemaps para coñecer a localización exacta da feira, ademais do histórico dos catro últimos anos, [documentación](#) e a [imaxen](#) gráfica da feria.

Mostrart é o acontecemento central da artesanía galega e o seu maior escaparate, no que se pode coñecer os artesáns e achegarse os centos de excelentes produtos que realizan nos seus obradoiros durante todo o ano.

Horario: de 11 a 14 e de 17:30 a 22 h

*Inauguración: stand de información a altura do Obelisco (entrada cara o Palco da Música)

Estamos a vosa disposición para calquer información adicional:
asociacion@galegadeartisans.org

T **981 293 688** (de 9 a 14 h) · M **639 953 401** (Manuel González)

www.galegadeartisans.org